

de adxudicación das prazas aos aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun

mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos

Nº	CÓDIGO DO POSTO	CONSELLERÍA	DENOMINACIÓN	NIVEL	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO	FORMACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	CUC991000027001033	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO	SERVIZOS PERIFÉRICOS	LUGO	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	
2	CUC994030115001019	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	ARQUIVO DO REINO DE GALICIA	SERVIZOS PERIFÉRICOS	A CORUÑA	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	XORNADA MAÑÁ OU TARDE
3	CUC994030127001011	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	ARQUIVO LUGO	SERVIZOS PERIFÉRICOS	LUGO	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	XORNADA MAÑÁ OU TARDE

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 4 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 113, do 11 de xuño).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 15 de xullo ás 10.30 horas.

Os aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan de acordo coa orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas ós/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas

Nº	CÓDIGO DO POSTO	CONS	DENOMINACIÓN	NIVEL	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO	FORMACIÓN	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	CUC030000115770026	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	S. X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	DIRECCION XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
2	CUC030000315770011	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	S. X. DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA	DIRECCION XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		
3	CUC030000315770012	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	S. X. DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA	DIRECCION XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		
4	CUC030000315770013	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	S. X. DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA	DIRECCION XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		CON DOTACIÓN A PARTIR DE XULLO DE 2008.
5	CUC030000315770014	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	S. X. DA BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA	DIRECCION XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		CON DOTACIÓN A PARTIR DE XULLO DE 2008.
6	CUC994010115001006	CU	TECNICO MEDIO BIBLIOTECAS	18	BIBLIOTECA DA CORUÑA	SERVIZOS PERIFERICOS	A CORUÑA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE".
7	CUC994010115001009	CU	TECNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DA CORUÑA	SERVIZOS PERIFERICOS	A CORUÑA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
8	CUC994010115770008	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SERVIZOS PERIFERICOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
9	CUC994010115770009	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SERVIZOS PERIFERICOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
10	CUC994010115770011	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SERVIZOS PERIFERICOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
11	CUC994010115770012	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SERVIZOS PERIFERICOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
12	CUC994010115770013	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SERVIZOS PERIFERICOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
13	CUC994010127001004	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA LUGO	SERVIZOS PERIFERICOS	LUGO	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
14	CUC994010127001007	CU	TECNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	BIBLIOTECA LUGO	SERVIZOS PERIFERICOS	LUGO	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
15	CUC994010136040004	CU	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	MUSEO MASSÓ	SERVIZOS PERIFERICOS	BUEU	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.)		XORNADA MAÑÁ OU TARDE
16	PEC994020136600045	PE	TÉCNICO MEDIO BIBLIOTECAS	16	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS CORÓN-VILANOVA DE AROUSA	SERVIZOS PERIFERICOS	VILANOVA DE AROUSA	AXUDANTE SECC. BIBLIOT. (REQ. INDISPES.), COÑECEMENTOS INGLÉS (MÉRITO).		

Resolución do 11 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 6/2009, interposto por Pedro Manuel Tordable Menéndez.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 6/2009, interposto por Pedro Manuel Tordable Menéndez, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra a Orde do 14 de xullo de 2008 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de veterinarios (DOG número 139 do 18 de xullo), (corrección de erros, DOG número 144 do 28 de xullo).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove (9) días, contados

desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 12 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 102/2009, interposto por María del Mar Muñiz Rial.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 102/2009, interposto por María del Mar Muñiz Rial, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de alzada formulado contra a resposta do tribunal ás alegacións presentadas contra a Resolución do 21 de xaneiro (DOG número 18, do 25 de xaneiro de 2008) do tribunal designado para xulgar os procesos selectivos para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de